



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A nova configuración xurídica do urbanismo e do patrimonio cultural en Galicia

CONVOCATORIA: Curso monográfico A nova configuración xurídica do urbanismo e do patrimonio cultural en Galicia

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	8
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2017
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 07/11/2017 - 08:00h ao 13/11/2017 - 23:00h

RESPONSABLE: OLIVIA TRILLO, PAULA [paula.olivete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O curso ten como finalidade analizar os cambios normativos producidos coa aprobación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, unida ao seu regulamento aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, e coa aprobación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Do mesmo xeito, inclúese o estudo de aspectos novos como o enerxético, a contaminación luminosa, o aspecto penal e o relacionado coas exixencias derivadas da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, en relación coa contaminación electromagnética. Este curso resulta esencial para todo o persoal ao servizo de calquera das administracións públicas encargado do estudo e aprobación de plans urbanísticos, en especial para o persoal ao servizo da Administración local encargado da elaboración do planeamento municipal, da tramitación das licenzas urbanísticas, da súa concesión, ao persoal dos seus servizos xurídicos, aos membros das súas escalas de arquitectos/as, enxeñeiros/as, arqueólogos/as ou membros dos colexios profesionais de arquitectos/as, avogados/as e enxeñeiros/as.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Neste curso trataranse, entre outros, os seguintes temas:

- As novidades da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o seu regulamento aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.
- O planeamento urbanístico. A xurisprudencia ao día no urbanismo.
- As novidades da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. A xurisprudencia protectora do patrimonio cultural. Relevancia técnica no ámbito local da normativa en materia do patrimonio cultural.
- Contaminación electromagnética. Contaminación luminosa, un reto para o século XXI.
- Responsabilidade patrimonial da Administración en materia urbanística. Delitos en materia de patrimonio cultural e urbanismo. Procedemento sancionador en materia urbanística e do patrimonio cultural.
- Incidencia enerxética no urbanismo: expropiacións, servidumes e ocupación do dominio público por razóns das actividades enerxéticas.
- Estratexia europea 2020 en enerxía e clima. Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro do 2012, relativa á eficiencia enerxética e medidas para o cumprimento de obxectivos de reducións de G.E.I. (gases de efecto invernadoiro) mediante a xestión enerxética.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Terá preferencia na selección o persoal empregado das administracións públicas de Galicia e o número de orde establecerase de acordo coa data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Excepto as persoas que pertencen á Administración autonómica ou á Administración de xustiza, todos/as os/as solicitantes deberán enviar un correo a novas.egap@xunta.gal, achegando, no seu caso, a certificación acreditativa da súa condición de persoal empregado público e do grupo e/ou categoría á que pertencen. Esta certificación será expedida pola persoa que realice as tarefas de certificación da Administración na que preste os seus servizos. Serán excluídas aquelas solicitudes de persoal empregado público que non acompañen a devandita certificación ou que sexan recibidas con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 13 de novembro de 2017.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 21/11/2017 a 21/11/2017

NUM. PRAZAS: 286

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JUAN JESUS RAPOSO ARCEO

OSCAR LUIS PEÑA SANCHEZ

CRISTINA DIAZ CARBAJO

María Isabel Novo Castro

MARIA DOLORES RIVERA FRADE

Juan Antonio Naveira Seoane

Jorge Mira Pérez

ALVARO GARCIA ORTIZ

SANTIAGO VALENCIA VILA

PABLO LÓPEZ PAZ

PATRICIA IGLESIAS REY

Fernando Blanco Silva

DAVID VILAS ALVAREZ

LUGAR DE REALIZACIÓN

SALON DE ACTOS: O día 21 de novembro de 09:30 a 14:30. O día 21 de novembro de 16:30 a 19:45. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA